



ORATORIA

3ºESO

Dpto.de Castellano

CURSO: 2022-2023

ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN E RELEVANCIA DESTA MATERIA

1.1. MATERIA INSTRUMENTAL

1.2. DEMANDA SOCIAL

1.3. INTERRELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

2. CONTIDOS FUNDAMENTAIS

3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.1. AVALIACIÓN INICIAL

4.2. TIPO DE PRBAS E A SÚA CORRECCIÓN

4. TRATAMENTO DA MATERIA PENDENTE

5. METODOLOXÍA PREFERENTE

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1. XUSTIFICACIÓN E RELEVANCIA DESTA MATERIA

1.1. MATERIA INSTRUMENTAL

- ✓ Intentaremos evitar ceñirnos ás materias de contidos estritamente lingüísticos ou literarios, propios da materia de "Lengua castellana y Literatura".
- ✓ Consideramos imprescindible plantexar un concepto moito máis amplo, o da Oratoria coma materia instrumental ou transversal para calquera disciplina nun centro escolar, pois, sen dúbida, se trata de unha competencia moi presente e necesaria na nosa sociedade actual, na que os medios de comunicación ou o noso panorama laboral buscan grandes comunicadores ou oradores, que debemos ir formando desde a escola.

1.2. DEMANDA SOCIAL

- ✓ Se partimos dunha definición sinxela de Oratoria, coma "a arte de falar", teremos que afirmar que esta arte é inseparable da **Retórica**, "a arte de embelecer o discurso", e da **Dialéctica**, "a arte de razoar". O obxectivo das tres é influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra; búscase persuadir ao noso público, de ahí a súa relevancia na sociedade actual.
- ✓ Relevancia e Demanda social: Nunca coma hoxe houbo tantas situacións nas que actuar como oradores, coa posibilidade de chegar a unha audiencia masiva. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo dominio da oratoria.
- ✓ Algúns exemplos reais: *debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, discursos comerciais, presentacións de ideas ante asociacións..., etc.*

1.3. INTERRELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos as fundamentais:

- **A comunicación lingüística**, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral.

- **As competencias sociais e cívicas**, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional, e porque ademáis se favorece o traballo en equipo.
- **A competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a autoestima.
- **Competencia dixital**, facendo uso das novas tecnoloxías informáticas e audiovisuais, como complemento ás súas exposicións orais.
- **Aprender a aprender**, promovendo a búsqueda axeitada de información e argumentos para despóis analízalos a fondo, comprendelos e defendelos oralmente.
- **Conciencia e expresións culturais**, no tratamento dos temas elixidos para as súas exposicións orais.

2. CONTIDOS FUNDAMENTAIS

Os contidos da materia, segundo a lexislación vixente, distribúense en catro bloques nos cales é doado advertir a clásica **división da oratoria en cinco partes**:

- **Inventio**: procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso.
- **Dispositio**: elección e estruturación deses materiais.
- **Elocutio**: textualización do discurso nun código verbal.
- **Memoria**: memorización.
- **Actio**: posta en escena do discurso.

Eses catro bloques de contidos son os seguintes:

✚ No primeiro bloque, «**O discurso persuasivo**», están presentes a inventio, a dispositio e a elocutio, e se traballarán os seguintes contidos:

- Práctica das destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva.
- Exemplificación de discursos persuasivos escritos, que servirán para coñecer os procedementos retóricos e estilísticos.
- Exemplificación de discursos persuasivos orais, que permitirán identificar os recursos propios da actio.
- Elaboración polo alumnado das súas propias creacións.

✚ No segundo bloque, «**Elaboración do discurso persuasivo**», están presentes a inventio, a dispositio e a elocutio, e se traballarán os seguintes contidos:

- Destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita.

- Coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual.
 - Estruturação clara e ordenada do discurso e manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica.
- ✚ No terceiro bloque, «**A presentación do discurso persuasivo**», están presentes a memoria e a actio, e se traballarán os seguintes contidos:
- Presentación oral dun discurso ante un auditorio, fin último da oratoria.
 - Xestión emocional do orador. Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade.
 - Emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso. A persoa e o seu discurso deben ser sempre protagonistas.
- ✚ No cuarto bloque, «**Oratoria, valores e educación emocional**», se traballarán os seguintes contidos:
- Construcción de discursos desde a honestidade intelectual, o diálogo democrático, e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias.
 - Identificación das estratexas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade.
 - Dominio das técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.).
 - Uso de habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade.

3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN

Os estándares de aprendizaxe concretan os criterios de avaliación, é dicir, describen cómo e qué avaliaremos, respectivamente. Trátase de enunciar os **obxectivos** que se traballarán ao longo do curso, elaborando unha **programación de aula flexible**, e revisable segundo avanza o proceso de ensinanza-aprendizaxe en cada grupo concreto de alumnos. Destacaremos os seguintes:

1ª Avaliación

- a. Identificar e aplicar os recursos da linguaxe non verbal (*códigos cinésico, acústico, cromático, etc.*), en diferentes textos orais reais, necesarios na fase da **Actio**.
- b. Poñer en práctica as aportacións do teatro á representación final do discurso oral do alumnado, necesarias na fase da **Actio**.
- c. Dominar as técnicas da Dicción (*código paralingüístico: intensidade, ritmo, entonación, pausas e silencios*) na actuación final descrita na **Actio** xa polos Clásicos.

2ª Avaliación

- a. Verbalizar nun discurso escrito, previo ao discurso oral, as ideas (*argumentos, datos, feitos, exemplos, xiros e recursos retóricos, etc.*) xa seleccionadas e analizadas, da cordo con unhas normas de coherencia, cohesión e adecuación (peculiaridades lingüísticas de cada modalidade textual), descritas na fase da **Elocutio**.
- b. Sintetizar, usando esquemas, os textos escritos das fontes de información consultadas na fase da **Inventio**, diferenciando as ideas principais das secundarias, as palabras clave e a tese do discurso.
- c. Recoñecer e crear as figuras literarias máis relevantes e rentables en discursos orais, propias da **Retórica**.

3ª Avaliación

- a. Identificar e usar os diferentes tipos de argumentos en discursos orais, propias da **Dialéctica**.
- b. Recoñecer a estructura interna de diferentes modalidades textuais (narrativa, descriptiva, e especialmente argumentativa), para despois imitar ditas estruturas en textos de creación propia, da cordo coa fase da **Dispositio**.
- d. Coñecer técnicas memorísticas para lembrar os discursos orais, da cordo coa fase da **Memoria**, xa destacada polos Clásicos grecolatinos.
- e. Aplicar ditas técnicas memorísticas nos discursos orais creados polos discentes:

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1. AVALIACIÓN INICIAL

A proba inicial se limitará a un **test sobre** os seguintes aspectos, que se realizará o primeiro día de clase:

- As inquietudes e expectativas dos alumnos en relación á Oratoria.
- Os seus coñecementos previos sobre o concepto de Oratoria.
- As súas preferencias metodolóxicas e os seus estilos cognitivos.
- Elección dun amuleto ou tatuaxe da sorte, que favorezca a súa concentración e inspiración durante a exposición oral.

Ese primeiro día tamén se correxirá conxuntamente dito test, e a continuación se informará aos alumnos da programación e dos criterios de cualificación desta materia.

4.2. TIPO DE PRBAS E A SÚA CORRECCIÓN

- ✚ Non se farán exames escritos ao estilo tradicional.
- ✚ Se puntuarán todas as probas, individuais ou colectivas, orais ou escritas, desenvolvidas na aula ao longo de todo o curso.
- ✚ Existirán diferentes tipos de probas:
 - Actividades diarias, orais ou escritas, feitas na aula:
 - **Retos orais:** Postas en escena de pequenos discursos e con diferentes intencións comunicativas.
 - **Retos escritos:** Análise das peculiaridades de textos orais de diferentes modalidades textuais.
 - Actividades diarias, orais ou escritas, feitas na casa: recopilación de información, análise de textos orais ou escritos, memorización de pequenos discursos, preparación de exercicios de representación ou entonación, etc.
- ✚ Existirán unhas **plantillas para valorar e puntuar** cos ítems máis relevantes en relación ás capacidades e habilidades que deben dominarse en unha exposición oral, que utilizarán tanto o docente como o resto dos alumnos que forman parte do público.

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

✚ Ortografía:

En calquera proba ou actividade escrita se reservará un 10% da nota para a valoración da ortografía e da corrección lingüística, de modo que cada erro ortográfico, de tildes, de léxico, sintáctico ou incluso de puntuación, se penalizará con -0,1 ata un máximo de -1 puntos (o 10% indicado).

✚ NOTA FINAL DA AVALIACIÓN:

- ✓ Non poderá haber decimais nas notas do boletín de cada trimestre, polo que se redondeará ao alto ou a baixa segundo a súa proximidade aos números enteiros máis cercanos.
- ✓ Aplicarase a seguinte baremación ao término de cada avaliación:
 - ✓ Retos orais: **70%**
 - ✓ Retos escritos: **30%**

✚ **NOTA FINAL DE CURSO:** Ao final de curso se fará unha media baremada das cualificacións das tres avaliacións, cos decimais reais conseguidos. Concretamente a media se calculará aplicando un 25% na 1ª avaliación, 25% na 2ª avaliación e un 50% na 3ª avaliación, pois a materia se plantexa coma unha **aprendizaxe progresiva de avaliación continua**.

✚ PROBAS DE RECUPERACIÓN:

- ✓ Ao aplicarse o concepto de avaliación continua, non existe a posibilidade de recuperación trimestral, pero sí se contempla unha **recuperación en xuño cunha proba global de mínimos**.
- ✓ Na **proba extraordinaria de final de curso** deberán presentarse cos contidos e obxectivos mínimos de todo o curso, e se aplicarán os mesmos criterios de cualificación.

6. TRATAMENTO DA MATERIA PENDENTE

- ✚ Na proba de pendentes deberán presentarse cos contidos e obxectivos mínimos de todo o curso, e se aplicarán os mesmos criterios de cualificación que no curso anterior.
- ✚ A proba consistirá nunha exposición oral sobre un tema a elixir entre varios propostos, na que poñan en práctica todos os contidos e habilidades traballados no curso anterior.
- ✚ Dita proba realizarase na convocatoria oficial do mes de maio.

7. METODOLOXÍA PREFERENTE

Destacaremos os seguintes enfoques á hora de traballar os contidos xa descritos:

- ✓ Enfoque interdisciplinar: Coordinación con outras materias para elaborar proxectos compartidos. **Permitirase** na aula e nas actividades **calquera das dúas linguas oficiais** de Galicia, pois un bó orador debe expresarse sempre na súa lingua nai.
- ✓ Enfoque práctico e funcional, aplicando a teoría a situacións reais e prácticas: Poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades orais ante diferentes públicos, intentándose crear un produto final real: *actuacións, debates, presentacións ou conferencias ante os seus compañeiros, pais, profesores, etc.*
- ✓ Traballo en equipo: Fomentar o traballo cooperativo, para desenvolver as competencias lingüística, social e cívica, ademáis de aprender a xestionar a súa autoestima e estado emocional durante os discursos.
- ✓ Fomento das novas tecnoloxías: Emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso.
- ✓ Importante traer asinada a autorización familiar de dereitos de imaxe.
- ✓ O docente poderá facer grabacións con unha finalidade didáctica, para analizar despois na aula.
- ✓ Fomento da súa autoestima e participación: Existirán pequenos premios que se sortearán entre os mellores oradores de cada trimestre.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Estes materiais poderán facilitarse tanto vía internet, como impresos en fotocopias, ou nos seus formatos orixinais: libros, prensa, revistas semanais, dvd, etc.:

- Escenas de películas.
- Fragmentos de discursos políticos e propagandísticos.
- Anuncios publicitarios da televisión, prensa ou revistas.
- Imaxes polémicas ou de publicidade.
- Gravacións de programas televisivos ou radiofónicos.
- Materiais teóricos para a súa comprensión e posterior posta en práctica: Os alumnos recollerán en conserxería un cuadernillo.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Nos casos nos que sexa necesario, adaptaranse os materiais e metodoloxía ás peculiaridades do alumnado con algunha necesidade especial, tales como: sordera, cegueira, tartamudez ou mudez, totais ou parciais.
- Se se trata de algunha deficiencia intelectual, adaptarase a dificultade dos contidos e dos textos traballados na aula, así como das exposicións orais que deben realizar.
- No caso de alumnos procedentes de outros países con outra lingua nai diferentes ás nosas, terase especial consideración co seu nivel de adquisición nas linguas castelán e/ou galego.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Por suposto, entre as actividades complementarias desenvolvidas dentro do centro, preferentemente en horario escolar e para o maior número posible de público, destacaremos as seguintes e xa comentadas, sempre que sexa posible:

- **Recollida e entrega das cartas de San Valentín.**
- **As exposicións orais da Semana da Interculturalidade.**
- **As Mini-conferencias para o día do Libro.**
- **O Concurso do mellor orador, mediante debates** eliminatorios, de temas de actualidade e de interese para os adolescentes: primeiro entre compañeiros da mesma clase, e finalmente entre os vencedores das dúas clases que cursan a materia de Oratoria.
- **Realización de pequenos programas radiofónicos** (con entrevistas, críticas constructivas, música, etc.) que se emitirían durante algúns recreos para que os escoitaran tódolos alumnos no patio.

En canto as posibles actividades organizadas fóra do centro, se realizarán as que a oferta de cada ano nos permita, en coordinación co dpto. de lingua castelá e literatura: asistencia a conferencias divulgativas, obras de teatro, discursos ideolóxicos, platós de televisión, programas radiofónicos, etc.